# ACCESO Á SECRETARIA VIRTUAL – NIU

Para acceder á secretaria virtual da Universidade de Vigo necesitas ter un NIU.

A páxina da secretaría virtual da Universidade de Vigo é: https://secretaria.uvigo.gal/uvigo.sv/.

## a) Non lembrar o NIU/contrasinal:

Se estás o estiveches matriculado xa tes o NIU, pero se non sabes o contrasinal, tes que ir a "*Non lembro o NIU/contrasinal*"






Aparece unha pantalla, na que nos pide o correo electrónico que tes rexistrado, introduces o correo electrónico e a pregunta de verificación e premes en "*Aceptar*"



Se por calquera motivo, non te lembras do correo electrónico debes enviar unha incidencia (preme en "*incidencia*").



Unha vez que premas en "Aceptar" aparece unha pantalla onde informa que nuns minutos recibirás o contrasinal no correo electrónico que tes rexistrado (e que escribiches na pantalla anterior).




No teu correo electrónico recibirás a seguinte mensaxe: "*Recuperación dos datos de acceso*", preme no correo para ver o contido.



O contido da mensaxe é o seguinte, onde nos indica unha ligazón para cambiar o contrasinal e acceder ao NIU.



Nesta pantalla xa indica o teu NIU e tes que escribir un contrasinal e repetilo; despois pinchar en "*Modificar*".

**IMPORTANTE**: É moi importante que non esquezas o teu NIU nin este contrasinal, porque son os que che **dan acceso a secretaría virtual da Universidade de Vigo.**



Agora, xa podes acceder a Secretaría virtual da Universidade de Vigo, indicando: o

- DNI (número de documento de identidade)
- NIU (número de identificación universitaria)
- Contrasinal



Unha vez dentro da secretaría virtual da Universidade de Vigo, tes que premer en SVE (secretaría virtual do estudante).



Na secretaria virtual da Universidade de Vigo tes acceso a moita información, como por exemplo:

- Facer a matrícula online.
- Consultar o teu expediente.
- Ver conta (é dicir todos os pagamentos e o estado de cada un deles).
- Poder recibir mensaxes a través do móbil (Notas por móbil).



Na propia páxina da secretaria virtual da Universidade de Vigo, tes unha acción de "**Axuda**".



No apartado de "***Axuda***" atoparás información sobre todo o relacionado co NIU, a tarxeta universitaria, conectarse a WIFI da Universidade de Vigo e outras moitas dúbidas que che poidan xurdir.






b) **Non lembrar o NIU/contrasinal e o correo electrónico asociado:**

Se estás o estiveches matriculado xa tes o NIU, pero se non sabes o contrasinal ou o correo electrónico, tes que ir a "*Non lembro o NIU/contrasinal*"



Aparece unha pantalla, na que nos pide o correo electrónico que tes rexistrado.

Se non te lembras do correo electrónico que tes rexistrado, tes que enviar unha incidencia ⇨ preme en "incidencia".

